

DECEMBRO  
**BIBLIOTECA PÚBLICA DE PONTEVEDRA**

Martes 15 ás 19.00 h  
*Coûte que coûte* (Claire Simon, 1995, 100', V.O.S.E.)

*Nom estou nas mellores condicións para asistir a este xuízo. Nom só som as algemas, é que eu estou encadeado à cintura. Ademais tenho cadeas nos pés e tenho um cinturom na perna cumha bateria de miles de vóltios que a juiço de qualquer dos carcereiros que están aqui, podem accionar o mecanismo e producir-me umha forte descarga eléctrica.*


(Simón Trinidad desde umha cadea dos EAU)

<https://www.facebook.com/cineclubepontevedra>  
<http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es>

# Alberte Pagán

*Superficies: Long Face (Carvom)*  
(2014, 6' 15")

*A realidade*  
(2012, 53')



**A realidade é unha máis das películas xurdidas do material que recolliches nas viaxes do COSAL. Ten que ver con temas tratados en Os Waslala ou en Outrasvozes. Outra vez deixaches descansar as imaxes para retomalas hai pouco...** A realidade naceu dunha brigada do COSAL a Colombia en 2001, pero non a montei até o 2012. A maior parte do que se falaba en *Otrasvozes* tiña que ver con Colombia, pero a perspectiva é outra, porque en *Otrasvozes* quen falaba era xente que viña de alí para aquí, mentres que n' *A realidade* entrevistamos a xente alá, en Colombia. Nesa viaxe gravamos todo tipo de movementos sociais: sindicatos, indíxenas e guerrilleiros. E o feito de que, ao final, na película só aparezan guerrilleiros é froito dunha casualidade: roubáronnos o resto do material. Por unha banda, utilicei o material gravado por nós en Colombia durante as conversas de paz; e por outra banda, usei material das televisións españolas, da televisión das FARC e de YouTube. Por unha casualidade, as conversas de paz entre goberno e guerrilla reanudáronse despois dunha década, xusto cando estaba a traballar na montaxe, polo que incorporei os novos telexornais. O resultado é curioso: a historia repítese, non é doado diferenciar os telexornais vellos dos novos, tanto polo contido como polo feito de que a presentadora, nalgún caso, segue a ser mesma persoa dez anos despois, o que indica a inmutabilidade do sistema.

**A realidade evidencia a mentira, a manipulación, como en A quem se lhe conte... Traballaches con imaxes da propaganda dos medios de comunicación. Tamén con propaganda das FARC. O contrapunto son as vosas gravacións e o que puidestes ver alí.** Mais que evidenciar a manipulación, a idea era presentar a realidade como un palimpsesto, formada por capas que hai que ir eliminando para podermos ver o que hai detrás. Cómpre atravesar as imaxes para ver o que acontece entre elas e tras elas. No caso dos telexornais, a mentira ás veces é tan evidente que se desmonta a si mesma. Un locutor solta sen ruborizarse que a guerrilla envelenou un acueduto mentres fuxía, e quedan tan anchos... A idea do palimpsesto transmítese á estética da película, na que se acumulan veos e capas: imaxes de imaxes gravadas da televisión, textos por riba desas imaxes... É unha idea que xa utilizara en *A quem se lhe conte...* para salientar a necesidade de ler entre liñas.

**Achega moito á historia a testemuña de Simón Trinidad declarando ante o xuíz. Dicías na presentación do filme que calquera membro dun movemento social acababa sendo asasinado.** Trinidad está no cárcere, e non só está encadeado senón

que lle enganaron unha batería de miles de voltios, de xeito que os seus carcereiros poden provocarlle descargas se di algo que non lles gusta. O de Colombia é un caso único, tanto que até os telexornais deixan caer ás veces sen querer algunha verdade, como o feito de que é o único país de América no que non se fixo aínda unha reforma agraria ou de que os grupos paramilitares son legais, o cal significa que calquera cacique pode mandar nun. Os paramilitares serven para manter esa desigualdade, para manter unha estrutura de séculos. Calquera persoa que tente mudar as cousas é eliminada. Os propios telexornais, na película, lembran como todo un partido político, a Unión Patriótica, foi eliminado fisicamente. Cando un loitador social é ameazado polos paramilitares, só lle quedan dúas opcións: o exilio ou ingresar na guerrilla.

**Co cal non se trata de negar a violencia, senón de contextualizala.** A violencia é unha consecuencia da desigualdade. O caso de Simón Trinidad, pechado nun cárcere de Estados Unidos, pon os pelos de punta. Está illado, non pode falar co seu avogado, non pode nin aprender o idioma para defenderse. E era un dos comandantes das FARC que levaba as conversas de paz durante o goberno de Pastrana. El foi un dos nosos anfitrións naquela viaxe. Cando se lles critica ás FARC o feito de que teñan encadeados os seus prisioneiros, deberíamos lembrar as condicións infrahumanas nas que se encontra Trinidad... Hoxe non poderíamos volver falar cos nosos anfitrións porque están todos mortos ou no cárcere.

**Como fora aquela viaxe, onde estabades?** Estabamos na zona desmilitarizada do Caguán. Durante as audiencias públicas que se facían todas as semanas, todos os axentes sociais de Colombia ían falar alí e calquera podía asistir aos debates, que ademais emitía en directo a televisión pública. O Estado poñía autobuses para chegar alí, ao medio da selva. Así, a xente podía ver cal era o proxecto das FARC. Isto beneficiou ás FARC, porque a súa mensaxe chegaba sen manipulacións, sen intermediarios. Esa foi unha das razóns polas que o goberno decidiu acabar co proceso de paz.

**Algo máis que salientar do filme?** Se nos afastamos do tema político e quedamos co cinematográfico, ten moito en común coa fascinante *Lituania e o colapso da Unión Soviética* de Jonas Mekas, que son nove horas de gravacións de noticias na televisión.